

SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 26 DE OUTUBRO DE 2.012

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e quince minutos do día 26 de outubro de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Antonio López Pérez, D^a Pilar Méndez Lombao, D^a María Begoña Seco Varela, D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Serafín Vázquez Arias, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román,, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓN SCELEBRADAS OS DÍA 7 E 24 DE SETEMBRO DE 2012

Ponse de manifesto aos membros da Corporación as actas das sesións plenarias celebradas os días 7 e 24 de setembro de 2012.

Sométese a votación a aprobación das citadas actas. Realizada a votación, quedan aprobadas pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

2. RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

O sr. Alcalde expón sucintamente o contido das rectificacións propostas, que son as que seguen:

PORCIÓN VIAL Nº 141

SANTIAGO DE GAIOSO

NOME: PORCIÓN VIAL EN LONGARELA-.GAIOSO

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: GAIOSO

Núcleo/lugar: LONGARELA

Lindeiros: Cesión Norte linda: Norte con camiño e con Francisco Arias Losada e fillo; ao Sur coa finca matriz; ao Leste con Ángel Vázquez Casanova e herdeiros de Dionisio Varela; e ao Oeste con Inés Losada Varela e Jesús Varela Roibás.

Cesión Sur linda: Norte coa finca matriz, Sur con estrada de Donalbay e Jesús Varela Roibás; ao Leste con Ángel Vázquez Casanova e herdeiros de Dionisio Varela; e ao Oeste con Inés Losada Varela e Jesús Varela Roibás.

SUPERFICIE: 179,84 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 20 de xullo de 2.012.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 142

SOBRADA

NOME: PORCIÓN DE VIAL EN SOBRADA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SOBRADA

Núcleo/lugar: SOBRADA

Lindeiros: (parcela 7) linda: Norte, parcelas uno, dos, tres, cuatro, cinco y seis; sur, carretera LU-115 de Outeiro de Rei a Castro de Rei; este, parcela 6 polígono 104 y oeste, parcela 4 polígono 104.

SUPERFICIE:238 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística formalizada en escritura notarial autorizada por el notario Juan J. López Yáñez, con fecha de 30 de julio de 2012. protocolo 2163.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 143

SOBRADA

NOME: PORCIÓN DE VIAL EN SOBRADA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SOBRADA

Núcleo/lugar: SOBRADA

Lindeiros: (parcela 8) linda: Norte, camino; sur, parcelas uno, dos, tres, cuatro, cinco y seis; Este, parcela 6 polígono 104 y oeste, parcela 4 polígono 104.

SUPERFICIE: 217 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística formalizada en escritura notarial autorizada por el notario Juan J. López Yáñez, con fecha de 30 de julio de 2012. protocolo 2163.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

PORCIÓN VIAL Nº 144

SOBRADA

NOME: PORCIÓN DE VIAL EN MOSTEIRO

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: MOSTEIRO

Lindeiros: Denominada “parcela 4”, procedente de la segregación autorizada por la Junta de Gobierno Local de fecha de 18/11/2011, de la finca con referencia catastral 27039ª088000880000GK, finca 9600 del Tomo 1141, libro 97, folio 139.

SUPERFICIE: 652,61 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística aceptada por el Ayuntamiento mediante decreto de fecha de 19 de abril de 2012.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: finca 11264, inscrita al Tomo 1158, libro 102, folio 52.

PORCIÓN VIAL Nº 145

MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN VIAL EN MOSTEIRO

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: MOSTEIRO

Lindeiros: Norte, camiño; Este, parcela 20 de Ramón Castro Reija; Sur, finca matriz e ao Oeste, terreo matriz, da que esta se segregou.

SUPERFICIE: 33,81 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 28 de setembro de 2.012.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

FINCA URBANA Nº 47

ANULADO POR EXPROPIACIÓN FORZOSA

(CONDominio DE ANTIGA PRISIÓN PROVINCIAL E TERREO ANEXO).

Non xurdindo debate sométese a votación a proposta de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

3. DESAFECTACIÓN DUN TRAMO DE CAMIÑO NA PONTE

Iniciase o debate coa defensa polo sr. Alcalde da seguinte proposta:

“Con data de rexistro de entrada de 26 de xuño de 2012, don Manuel José Ferreiro Redondo solicita a desafectación dun tramo de camiño público que discurre entre as parcelas 5 e 7 do polígono 31 do termo municipal de Outeiro de Rei.

Dito tramo de camiño non existe na realidade actual nin se atopa recollido no catastro, nembargantes, si que se recolle como tal nas fotografías aéreas do ano 1956.

A modificación da estrada actual deixou sen servizo o tramo de camiño cuxa desafectación se solicita (cuxa superficie aproximada de 90m²), de xeito tal que foi ocupado polo titular das parcelas 5 e 7 e incorporado ás mesmas.

En contrapartida, o titular de ditas parcelas cedeu libre de cargas e gravámes ao Concello unha superficie aproximada de 140m² para a construción da estrada actual.

En tanto se estima axeitada a dereito, por redundar en prol da seguridade xurídica, adecuar a afectación á realidade xurídica e física existente, con data de 1 de agosto de 2012 iniciouse expediente de desafectación do tramo de camiño citado, publicándose o inicio do trámite de información pública no BOP nº 188, xoves, 16 de agosto de 2012. rematado o trámite de información pública, non se presentou alegación ou suxerancia algunha, polo que propoño ao Pleno da Corporación, desafectar o tramo de camiño público que discurre entre as parcelas 5 e 7 do polígono 31 do termo municipal de Outeiro de Rei”.

O voceiro do BNG fai uso da palabra para manifestar que o seu grupo non está de acordo coas desafectacións de camiños existentes, e pregunta si actualmente existe ese camiño.

O Alcalde asegura que dito camiño non existe fisicamente e, de feito, non se recolle no catastro inmobiliario, polo que carece de sentido o seu mantemento.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de resolución.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con dez votos a favor e unha abstención, pertencente ao concelleiro do grupo municipal do BNG.

4. ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E AS ENTIDADES XESTORAS DOS SISTEMAS INTEGRADOS DE XESTIÓN DE RESIDUOS DE PILAS E ACUMULADORES

O sr. Alcalde pon de manifesto o convenio marco entre a Administración Xeral da Comunidade autónoma de Galicia e as entidades xestoras dos sistemas integrados de xestión de residuos de pilas e acumuladores, asinado en Santiago de Compostela, a día 1 de agosto de 2012.

Propón adherirse ao citado convenio marco baixo a OPCIÓN A, de xeito que o Concello de Outeiro de Rei siga a coordinar e sufragar o servizo de recollida, transporte e almacenaxe temporal dos RPA portátiles no seu ámbito territorial, recibindo compensación económica en concepto das citadas operacións, tal e como viña facendo ata o momento.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de adhesión.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

5. EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS 2/2012

O sr. Alcalde defende a seguinte proposta de resolución:

“José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

No desenrolo e execución do orzamento corrente, observase a inexistencia de crédito ou a insuficiencia de determinadas partidas do Estado de Gastos para atender necesidades relativas a servizos a cargo da Corporación de carácter inaprazable.

Convén sulinar a insuficiencia orzamentaria da partida relativa aos intereses de operacións de crédito, cuxa insuficiencia deriva da concertación dunha operación de tesourería baixo a modalidade de póliza de crédito, que se explica polas tensións de tesourería que ano tras ano xeneran as demoras da Deputación Provincial no ingreso das cantidades recaudadas polos impostos delegados. Tamén resulta insuficiente o saldo

orxamentario das partidas relativas a suministros vencellados á organización de actividades culturais, deporte e tempo libre así como para o normal funcionamento da administración xeral, e a partida adicada ao financiamento do contrato de escola infantil municipal, tanto por que parte da retribución do contratista depende do nivel de ocupación da escola e actualmente ésta é superior ao do ano pasado, como polo feito de que parte do gasto devengado no ano 2011 se imputa ao presente exercicio orxamentario 2012.

Pola contra, os gastos de persoal consignados son notoriamente superiores aos devengados, especialmente no que atinxe a persoal laboral temporal, polo que estas partidas son susceptibles de seren minoradas á baixa co gallo de financiar os maiores gastos expresados.

De conformidade coas disposicións vixentes, cando deba realizarse algún gasto para o que sexan insuficientes as dotacións previstas na correspondente partida orxamentaria, a Corporación poderá acordar unha transferencia de crédito, que se financiará minorando o crédito dispoñible doutras partidas do orzamento cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo. A transferencia de crédito non implica modificación da contía total do estado de gastos do orzamento.

De conformidade co disposto 179 do TRLRHL, cando as transferencias de crédito afecten a partidas pertencentes a diferente grupo de función (actualmente área de gasto), a competencia corresponde ao Pleno da Corporación.

Esta Alcaldía, previo estudio das necesidades de carácter inaprazable que neste momento ten a Corporación así coma das partidas orxamentarias que poden minorarse sen afectar ao normal funcionamento dos servizos, propón ao Pleno aprobar a seguinte transferencia de crédito:

Partidas a incrementar:

Partida orxamentaria	Consignación antes deste expediente	Aumentos que se propón	Total consignación resultante	Fines a que se destinan os novos créditos e causas da súa necesidade
	Euros	Euros	Euros	
011.310	34.576,18	6.000	40.576,18	Intereses de operacións de crédito
321.227	154.000	35.000	189.000	Educación preescolar e primaria. Traballos realizados por outras empresas.
337.221	18.000	40.000	58.000	Ocio e tempo libre. Suministros.
341.227	5.000	25.000	30.000	Promoción e fomento do deporte. Traballos realizados por outras empresas.
920.220	10.000	15.000	25.000	Administración Xeral. Material de oficina.
920.221	13.000	20.000	33.000	Administración Xeral. Suministros.
Total incremento:		141.000		

Minoración parcial de partidas do Estado de Gastos do orzamento en vigor:

Partida orzamentaria	Consignación antes deste expediente	Cantidade a anular ou minorar	Consignación que queda	Finalidade da partida a minorar:
	Euros	Euros	Euros	
172.131	96.000	76.000	20.000	Medio Ambiente. Persoal laboral temporal.
453.160	115.000	65.000	50.000	Estradas. Cuotas sociais.
Totais por minoración		141.000		

En Outeiro de Rei, a 18 de outubro de 2.012”

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE fai uso da palabra preguntado se os créditos que se minoran ían efectivamente adicados a gastos de personal e se o incremento das partidas traen causa de algunha compra ou gasto reseñable.

O Alcalde resposta que a minoración explícase no feito de que se consignou un gasto de persoal temporal equivalente ao gasto realizado o ano anterior, nembargantes non se vai a executar xa que este ano non existe financiamento doutras administracións públicas.

E no tocante aos gastos explícase en parte polos axustes derivados da nova estrutura orzamentaria, e en parte porque algunhas prestacións que se realizaban anteriormente con persoal contratado, este ano faise a través de empresas, dada a limitación á contratación de novos traballadores.

O voceiro do grupo municipal do BNG advirte que as partidas que se incrementan, nalgúns casos multiplícanse por cinco, o que engadido a que os orzamentos se aprobaron a mediados de ano, manifestan o mal que se fixeron as previsións orzamentarias.

O Alcalde considera que, sobre un orzamento de cinco millóns de euros, unha modificación de 141.000 euros é insignificante, e máxime cando non implican unha modificación cuantitativa do orzamento, senón un reaxuste entre partidas. Por outra banda, informa que as partidas que se modifican se inclúen en bolsas de vinculación xurídica que abranguen outras partidas.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE dí que non entra a valorar se a modificación orzamentaria é máis ou menos relevante cuantitativamente. Tampouco se opoñen á que se incrementen partidas sociais coma a relativa á educación infantil ou deporte, pero o que non lle parece defendible é incrementar a partida de material de oficina de 10.000 a 25.000 euros nun contexto económico coma o actual e cando o gasto por este concepto debe ser máis ou menos igual tódolos anos. Este incremento tan sustancial é o que se leva a preguntar se existe algún gasto extraordinario.

O voceiro do grupo municipal do BNG afirma que lle da a sensación de que o equipo de goberno atópase con partidas que non vai a executar e que quere colocar noutro lado. Afirma que non lle parece mal a dotación das partidas de educación, pero respecto das outras partidas que se incrementan considera que existen outros gastos que teñen máis importancia na situación actual, coma os servizos sociais ou determinadas axudas.

O Alcalde replica que os incrementos correspóndense con gastos precisos para o normal funcionamento dos servizos, o que non significa que se produza un incremento do gasto con respecto a anos anteriores, senón que a insuficiencia orzamentaria explícase pola nova estrutura orzamentaria adoptada. E recorda que, por exemplo, en material de oficina a variación é de 15.000 euros, non de 100.000 ou 500.000 euros.

Polo que atinxe aos servizos sociais, recorda que o Concello segue a manter a calidade dos servizos sociais e educativos, incluso incrementou o servizo educativo e de conciliación familiar coma a ludoteca, e a pesares de que se reduciron as transferencias das restantes administracións públicas.

Insiste en aprobar a modificación de crédito proposta, que permitirá seguir a pagar a totalidade das facturas do Concello.

Non se pode afirmar que existe imprevisión orzamentaria, e recorda que a Xunta de Galicia aínda notificou fai uns días unha achega importante e que a Deputación Provincial de Lugo a día de hoxe non aprobou o POS correspondente ao ano 2012, o que dá unha idea do marxe de incertidumbre no que teñen que facer as súas previsións as entidades locais e que se debe en gran parte ás restantes administracións públicas.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación provisional da transferencia de crédito 2/2012.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e tres votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e máis do BNG.

6. APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

O sr. Alcalde expón o contido da proposta de aprobación inicial da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Outeiro de Rei na parroquia de Robra, a cuxa copia tiveron acceso os concelleiros.

O voceiro do grupo municipal do BNG pregunta se a modificación explícase pola situación na que se atopa unha determinada vivenda en Robra ou se se fai porque si.

Engade que non é partidario das modificacións puntuais, xa que xeran un agravio comparativo con outras parroquias cuxos núcleos non se atopan delimitados, e recorda que o seu grupo político defende dende hai tempo a conveniencia de formular un novo planeamento xeral.

Pregunta tamén se a xente afectada está enterada do alcance da modificación, como o feito de que moitas parcelas que antes eran de núcleo rural agora serán solo rústico.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE pregunta se o Alcalde considera que a situación na que van a quedar os propietarios do solo afectado é mellor ou peor que antes da modificación, e pregunta tamén se o réxime de edificacións en situación de fora de ordenación é de aplicación soamente a Robra ou a todo o termo municipal.

O Alcalde resposta que a modificación non é pola situación de ningunha vivenda en particular, senón coa única finalidade de atallar a situación de inseguridade xurídica á que deu lugar a disparidade de criterios que xurden sobor a posibilidade de considerar que coa actual delimitación pode entenderse que existe un núcleo rural delimitado.

Por outra banda, considera que os veciños, en xeral, quedan en mellor situación que antes, xa que existe maior posibilidade de edificar, aínda que recorda que non significa que vaia a quedar así, xa que é o inicio do procedemento e teñen que informar outras administracións.

Asegura que o proxecto cuxa aprobación inicial se propón fíxose o máis expansivo posible dentro da legalidade, e recorda que a lei establece uns parámetros que deben cumprirse, coma a consolidación edificatoria, distancias a vivendas existentes e previsións de crecemento sustentado en datos obxectivos. Aínda así prevese a posibilidade de construír ata 345 novas vivendas.

Por outra banda, o réxime de fora de ordenación é de aplicación a todo o termo municipal, non só a Robra.

En relación á porqué non se estende a modificación a outras parroquias, o Alcalde resposta que non se fai por dous motivos:

En primeiro lugar porque a delimitación dos núcleos das restantes parroquias unicamente se pode facer no marco da redacción dun novo plan xeral, o que non é conveniente dado que, cos actuais criterios legais, reduciríase en moito a superficie delimitada como núcleo rural e urbanizable.

En segundo lugar, porque a situación de inseguridade xurídica que se pretende atallar unicamente se dá en Robra, dado que o redactor do planeamento calificou coma urbanizable o núcleo de Penelas o que realmente era solo de núcleo rural, entendendo que era convinte xestionalo mediante un plan parcial, cousa que nunca se fixo e -a medida que se foi consolidando- fíxose cada vez máis difícil. De ahí ven o entendemento da Xunta de Galicia de que Penelas non é solo de núcleo rural.

Asemade, en Penelas pódese mellorar a posibilidade de edificar, mentres que en outros núcleos non só non se podería mellorar, senón que coa actual lexislación quedaría fora moita da superficie actualmente delimitada.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, considera que, se a lexislación actual pon trabas a que se poida afrontar unha mellor ordenación, o que tería que facer o Concello sería trasladar aos órganos autonómicos a necesidade de afrontar unha modificación da lexislación urbanística. E o equipo de goberno ten a responsabilidade de defender os intereses do seu concello e trasladar este desacordo á autonomía.

Pero si un novo Plan Xeral fose susceptible de mellorar en termo xerais á ordenación municipal, o que se debe facer é iniciar canto antes a súa formulación.

Por último, critica o réxime de edificacións en situación de fora de ordenación que se propón na modificación puntual, xa que non permite que as edificacións tradicionais en solo rústico fora das alineacións sexan legalizadas.

O Alcalde resposta que unicamente nos núcleos de Robra se fixaron as alineacións (nos outros núcleos non teñen fixadas alineacións). E neste proxecto fixéronse as alineacións de xeito tal que practicamente non queda ningunha casa en situación de fora de ordenación polo tema das alineacións.

O voceiro do grupo municipal do BNG pensa que esta modificación é un agravio para outras parroquias. Insiste en que o goberno municipal vai a remolque dos problemas en materia de urbanismo parcheándoos con modificacións puntuais.

E afirma que este xeito de actuar dá lugar a situacións inxustas coma a de Mosteiro, na que o promotor limitábase a facer casas e a vendelas e quen ter que urbanizar a zona é o Concello cos cartos de tódolos veciños. Iso é urbanismo á carta.

O Alcalde insiste en que de facerse un novo plan xeral os actuais núcleos delimitados nas parroquias ían a reducir moito a súa superficie, xa que, coma non pode ser doutro xeito, a nova delimitación tería que axustarse á lexislación vixente.

Por outra banda, a lei non di que para edificar en solo de núcleo rural haxa que urbanizar, polo tanto o Concello non pode esixir ao promotor dita urbanización. Unicamente pode esixir que garante uns determinados servizos á nova edificación, que é exactamente o que fai o concello.

A modificación proposta beneficia, en termos xerais, aos veciños e propietarios de Robra, pero un novo plan xeral reduciría en miles de vivendas as que se poderían construír segundo o planeamento actual.

Asemade, a modificación proposta elimina a inseguridade xurídica que existe actualmente sobor a clasificación urbanística de Penelas e sobor a posibilidade de outorgar novas licencias de edificación.

En relación ás alegacións do voceiro do PSdG-PSOE, o Alcalde afirma que está en desacordo con algunhas previsión da lei, e que interviu activamente cando se tramitou a súa reforma para modificar algunhas determinacións, tanto cando estaban un coma os outros na Xunta de Galicia, pero a lei hai que apricala, guste ou non.

Polos motivos anteriores: porque beneficia aos veciños de Robra e porque mellora a seguridade xurídica en materia urbanística de Penelas, solicita o apoio á aprobación da proposta.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de aprobación inicial da modificación puntual das Normas Subsidiarias do Concello de Outeiro de Rei.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e tres abstencións, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e máis do BNG.

Non se formulan rogos ou preguntas, polo que o Alcalde levanta a sesión, sendo as catorce horas e dezasete minutos, da que eu, Secretario, estendo a presente acta.

O Secretario

VºBº, O Alcalde

Asdo.: José María Vázquez Pita.

Asdo.: José Pardo Lombao